PROGRAMA DE ACOLLIDA E REGRESO ÁS AULAS NA COMUNIDADE EDUCATIVA DE RIOTORTO

CEIP DE RIOTORTO

CURSO 2020-2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 CURSO 2020-2021"

ÍNDICE:

1. INTRODUCIÓN… 2
2. OBXECTIVO… 2
3. XUSTIFICACIÓN…..... 3
4. POSIBLES ESCEARIOS 3
5. PLAN DE CONTINXENCIA…..... 5
5.1 ACTUACIÓNS DIANTE DUN ABROCHO 6
5.2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL 8
5.3. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL 9
6. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO…….. 12
6.1. INSTRUCCIÓNS XERAIS..... 12
6.2. ORGANIZACIÓN ENTRADAS E SAÍDAS 15
6.3. ORGANIZACIÓN PARA USO DE COMEDOR… 16
6.4. ORGANIZACIÓN DO TEMPO DE LECER… 18
6.5. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN…..... 18
7. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU DE SER O CASO NON PRESENCIAL 19
8. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS 21

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

1. INTRODUCIÓN

Este documento ten a finalidade de servir de guía no que respecta ás pautas de actuación para organizar e reforzar as medidas hixiénicas que se toman no Ceip de Riotorto, e dar a coñecer as medidas de prevención e actuacións que se deben por en marcha no centro fronte o COVID-19, para tentar de garantir ao máximo, un acceso ás aulas o máis seguro posible dada a situación actual.
Dende o Ceip de Riotorto apostarase pola presencialidade nas aulas, tentando de ser o máis estritos posibles na hixiene para evitar contaxios nos usuarios e traballadores do centro.
Como é ben sabido por todos e todas, o Corona virus, SARS-COV-2, é un virus que se transmite por vía respiratoria, aínda que tamén é posibles o seu contaxio ao tocar unha superficie, obxecto ou a man dunha persoa infectada.
O período de incubación pode variar entre 2 e 14 día. Por iso, as mellores medidas de protección son o illamento de persoas infectadas e portadoras polo tanto do virus e a hixiene persoal.
Nestes intres de inicio de curso 2020-2021, e vendo que a situación actual, tanto na nosa comunidade autónoma como no resto do país non mellora, faise necesaria elaboración deste programa ou protocolo de actuación, a espera de que a evolución da pandemia xunto co modo de enfrontarnos a ela, permita seguir con certa normalidade a actividade educativa, adaptándonos a distintos escenarios posibles e tentando de estar preparados e preparadas para dar unha resposta de calidade aos nosos alumnos e alumnas.
As medidas tomadas no centro están fundamentadas no protocolo de actuación que publicou a Consellería de educación baixo a supervisión das autoridades sanitarias.

2. OBXECTIVO

As medidas a adoptar polo Ceip de Riotorto, ten por obxecto previr e evitar a propagación do COVID-19 por parte de alumnos e alumnas e persoal da nosa comunidade educativa que poidan haber estado expostos ao virus e garantir un desenvolvemento da actividade educativa de calidade aos nosos alumnos e alumnas en condicións de seguridade e saúde. Este documento pretende

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

establecer unhas pautas xerais de actuación desde o punto de vista organizativo do centro, para tentar de dar unha resposta adecuada a calquera dos escenarios de inicio e aos posibles cambios de escenarios que podemos ir tendo ao longo do desenvolvemento do curso.

A OMS definiu catro compoñentes clave para xestionar as transmisións e modular as medidas preventivas. Un destes compoñentes refírese a "perspectivas sociais e de comportamento "para lograr o compromiso da poboación, sendo un pilar esencial da resposta durante a transición. Levada esta idea ao ámbito educativo, require **a corresponsabilidade de tódolos membros da Comunidade educativa para tentar de minimizar os riscos de contaxio e recuperar o antes posible a actividade habitual nos centros educativos** trala situación de emerxencia sanitaria en que vivimos.

Non é momento de críticas senón de traballo cooperativo entre administración-familia-escolar, pois o futuro dos nosos nenos e nenas está en xogo.

3. XUSTIFICACIÓN

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un "Programa de Acollida" para o reinicio da actividade lectiva presencial os vindeiros 10 e 11 de setembro de 2020.

4. POSIBLES ESCENARIOS

No presente documento formúlase un marco de actuación para facer fronte aos posibles escenarios cos que nos podemos atopar no colexio ao longo do curso escolar.

Na PXA do centro, recollerase as distintas reflexións referidas aos seguintes principios:

- Anticipar a planificación e organización de distintos escenarios para evitar a improvisación e continuar a actividade educativa garantindo

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

unha correcta actuación.

- Priorizar sempre o ensino presencial, fundamentalmente daqueles nenos e nenas con menos recursos e máis necesidades.
- Promover e intensificar a implicación e a coordinación coas familias.
- Sensibilizar e traballar con el alumnado rutinas de hixiene e prevención ao obxecto de minimizar los resgos de contaxio.
- Atender aos aspectos emocionais e a atención personalizada.
- Asegurar la formación y el desenvolvemento tecnolóxico básico do centro para poder acometer con garantías la actividade online.
- Impulsar a capacitación en competencia dixital tanto do alumnado como do profesorado e persoal no docente.
- Asegurar o acceso dixital de todo el alumnado.
- Identificar e priorizar os elementos fundamentais do currículo no proceso de ensino-aprendizaxe.

Deberase ter en conta que as distintas actuacións de coidado persoal que xiran fundamentalmente en torno a cinco liñas:

- Mantemento de distancia de seguridade.
- Uso de máscaras e hixiene respiratoria.
- Hixiene de mans.
- Limpeza, desinfección e ventilación de superficies e locais Redución do número de contactos.

De cara ao inicio de curso 2020-2021, e en función da situación sanitaria faise necesario ter en conta a posibilidade de ter que desenvolver a actividade educativa en tres escenarios:

Escenario 1

Modalidade presencial en tódolos niveis e etapas educativas do centro. Neste caso debemos respectar e cumprir as medidas de seguridade e saúde establecidas por Sanidade.

Escenario 2

Combínase a actividade presencial y on-line. Neste caso, poderase establecer diferentes posibilidades:

a) Seguir as clases de forma simultánea, tanto desde a aula, aqueles

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

grupos burbulla que non esteen afectados coma desde os fogares, aquel grupo burbulla que dera algún neno ou nena positivo ou positiva e que lles obriguen a estar confinados nas casas. Aqueles alumnos e alumnas que pese a estar confinados se atopen ben, deberán seguir a actividade lectiva cos recursos on line dos que dispón o centro.

b) Priorizar a aprendizaxe presencial dos alumnos e alumnas carentes de recursos que estean libres de enfermidades.

Escenario 3

Todo o centro deberá seguir a actividade lectiva on line dado que son tantos os casos acaecidos, que temos que estar o centro enteiro en corentena, polo que os titores e mestres seguirán a súa actividade lectiva unicamente a través das plataformas dixitais que temos no centro.

5. PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de continxencia do CEIP Plurilingüe de Riotorto, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

5.1. ACTUACIÓNS FRONTE UN ABROCHO

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa a realización previa da autoequisa (Anexo I Plan de Adaptación) antes de asistir ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid do centro tal circunstancia. Diante
- dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase ao **espazo de illamento**, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado. Seguindo o apartado do Plan de Adaptación do centro que corresponde á xestión de abrochos.
- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (designado pola Consellería e recollido no Plan de Adaptación), ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de Corona virus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a Xefatura de Sanidade.

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguíranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho. Seguirase o apartado de Xestión dos abrochos do Plan de Adaptación do centro
- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinara en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

1. A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo. Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

2. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no Protocolo e no Plan de Adaptación do Centro, así como do presente documento relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

5.2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Vía telefónica, con Abalar Móbil ou vía telemática. Empregaranse soamente medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro.

b) Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través da limpeza dependente do Concello.

d) Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

e) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

5.3. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

1.Fase1 Adecuación dos espazos	**2. Fase 2 Formación de pequenos grupos**	**3. Fase 3 Reforzo das medidas aprendida sen pequenos grupos**	**4. Fase 4 Fase de reactivación**
Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas. *Obxectivos:* - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. -Adecuada distribución do espazo do alumnado,	*Duración*: 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento. *Obxectivos:* - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans. - Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase. -Utilización dos espazos e circulación	*Duración*: 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%.Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso. Obxectivos: - Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva. -Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.	*Duración:* 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%. Se fose posible manterase dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia. *Obxectivos:* - Reforzo e fomento de hábitos aprendidos. - Disposición en puntos

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles. - Redefinición dos circuítos de circulación interna. - Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada. - Reorganización das quendas para o horario da comida.	do alumnado polos corredores do centro. - Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo. - Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2		estratéxicos de información visual clara para o alumnado. - O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

6. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

6.1. INSTRUCCIÓNS XERAIS

- As familias non accederán ao centro, aínda que sí ao recinto gardando na explanada a distancia de seguridade. Un pai, nai, ou un familiar autorizado de Educación Infantil, poderá esperar no hall para cambiar ao neno ou nena en caso de que chame a titora.
- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou xogando nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do centro.
- Informarase ás familias de que non poden facer aglomeracións nos accesos ao recinto escolar.
- Os alumnos e alumnas transportados, antes de subir ao autobús serlle tomada e rexistrada a temperatura. Aquel neno ou nena que teña 37,5 ºC ou máis de temperatura non poderá subir ao autobús e terá que irse co familiar para a casa.
- Os alumnos e alumnas non transportados, virán ao centro e na cancela de acceso ao centro, o mestre ou mestra de garda tamén lle tomará e rexistrará a temperatura, en caso de dar 37,5ºC ou máis terase que ir para a casa sen acceder ao centro.
- Dado que en certas ocasións algún neno ou nena ven so sen acompañante ou familiar, levarase ao neno ou nena a sala COVID, entrando directamente pola porta de acceso a esa sala, sen entrar no hall, e chamarse á familia para que veñan recollelo ou recollela e a leven ao centro de saúde na procura dun diagnóstico.
- Cando os nenos e nenas transportados cheguen ao centro, entrarán pola cancela de abaixo directamente ao pavillón onde farán as filas atendendo ao seu grupo burbulla.
- Cando os nenos e nenas non transportados cheguen ao centro accederán pola cancela pequena a espera da toma da temperatura e acto seguido irán para o pavillón a colocarse no seu grupo burbulla a espera de que soe o timbre para subir ás aulas.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

- Entrarán de un en un desinfectando xa abaixo as mans, e subirán cos seus mestres ás aulas sen tocar paredes, nin pasamáns polo medio da escaleira, tal e como está sinalizado. En caso de que visualicemos que algún tocou paredes ou pasamáns, antes de entrar na aula, de novo contarán cun dispensador de xel desinfectante para votalo de facer falla.
- Empregarase a máscara nos espazos comúns e nos recreos. Na aula tamén se empregará a máscara agás os alumnos/as de educación infantil, se vemos que non son quen de aguantala. Instarase a que a poñan e motivaremos aos máis pequenos e pequenas que a teñan posta, pero sempre dende un mandato lúdico e sen ser moi ríxidos, pois os pequenos menores de 6 anos non é obrigatorio o uso de máscara.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- O alumnado de educación infantil accederá con máscara a aula. Colocarán mochilas nos respaldo das cadeiras, colgarán as chaquetas e collerán os seus mandilóns para ir a alfombra, concretamente ao seu espazo marcado nesta a poñer o mandilón.
- Unha vez sentados na alfombra farase unha desinfección de mans.
- O alumnado de educación primaria empregará a máscara na aula, só a sacarán puntualmente cando esteen debidamente sentados e estean abertas as ventás para facilitar a ventilación. Este descanso será marcado polo mestre ou mestra e en ningún momento poderán pasar máis de 5 minutos.
- Terán unha pequena bolsa de conxelado de cerre fácil, sobre con nome ou caixa para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego, tratando de evitar en todo momento que se poñan as máscaras enriba de mesas, no chan…
- Cada alumno terá o seu propio Kitts básico de material de traballo e de material de refugallo (estoxo con obxectos de emprego máis común). En caso dos nenos de E.I. poderáselle pedir ás familias que metan os materiais nun tapar transparente co nome por fóra para que lle sexa máis

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

fácil o manexo e uso de materiais como cores, lapis, goma…

- Cando sexa necesario empregar material común, o mestre ou mestra deberá desinfectar cun pano e desinfectante de superficies estes materiais unha vez finalizado o seu emprego.
- As mestras ou mestres farán unha desinfección de mesas ou materiais cando o estimen oportuno. Para iso contarán con un pano e un dosificador de limpeza de superficies.
- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF, música, inglés ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada/saída asignada.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindibles e impliquen a interacción con membros doutro grupo, será preciso o emprego da máscara.
- En caso dos nenos e nenas de E.I. poderán compartir xoguetes pois nesta idade o xogo é preciso e é moi complicado non podelos deixar xogar e socializar.
- Se é preciso que un alumno empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa con xel hidro alcohólico do rotulador que empregue.
- Estas recomendacións permiten non variar en exceso a metodoloxía de traballo habitual no centro.
- As entradas e saídas faranse de maneira ordenada e o uso de máscara é obrigatorio.
- Os grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos.
- As titorías serán preferiblemente por vía telemática ou telefónica. De ser necesario a reunión presencial farase na aula, gardando as medidas de hixiene e seguridade adecuadas.
- As reunións de centro, Claustro, Consello Escolar e ANPA realizaranse na sala de mestres, sala de usos múltiples ou aula de psicomotricidade, respectando o aforo máximo establecido, empregando sempre a máscara e cunha correcta ventilación do local. No caso de non poderse facer de xeito presencial serán telemáticas.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

- O uso de máscara será obrigatorio nos desprazamentos polas instalacións do centro e no recreo agás infantil que aínda que se intentará que si a leven sempre, no caso de que un neno ou nena se sinta agobiado ou agobiada poderán baixala.
- Este curso non se realizarán, en principio, actividades e celebracións de centro que impliquen grandes aglomeracións de persoas. En todo caso poderanse facer celebracións que eviten mesturas de alumnado de diferentes niveis e sempre que o tempo o permita ao aire libre.
- Levaranse a cabo labores de desinfección antes e despois da celebración.
- **No primeiro claustro do curso escolar, acordouse a eliminación de saídas complementarias mentres a situación da pandemia non cambie.**

6.2 ORGANIZACIÓN ENTRADAS E SAÍDAS

6.2.1. ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS.

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.

O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado e servizo de transporte.

Horarios de entrada.

- **Alumnado transportado de 09:00 a 09:10**
- **Alumnado non transportado d 09:10 a 09:20 (Importante que se cumpran os tempos).**

A organización da entrada será a mesma nos meses de setembro e xuño que o resto do ano, dado que temos máis tempo.

Tomaranse as medidas sinaladas no apartado anterior.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

6.2.2. ORGANIZACIÓN DAS SAÍDAS.

O alumnado de infantil non transportado será entregado ás 13:50 h nos meses de setembro e xuño e ás 14:05 na porta de entrada ao hall nos meses de outubro o a xuño.

O alumnado de primaria non transportado nin usuario de comedor será entregado ás 13:55 horas nos meses de setembro e xuño e ás 14:10 na porta de entrada no hall de outubro a maio.

6.2.3. ORGANIZACIÓN ENTRADA E SAÍDA DE COMEDOR.

O alumnado de infantil non transportado e que non sexa usuario de comedor ou non quede a comer no comedor escolar mentres non mellore a situación da pandemia, será entregado **ás 14:50 na porta** nos meses de setembro e xuño e ás 14:05 horas nos meses de outubro a maio.

O alumnado de infantil de comedor escolar usuario de comedor, baixará nos meses de setembro e xuño ás **13:55 h** ao comedor escolar xunto coa titora de infantil, que vixiará que non se mesturen os grupos burbulla e estean sentados no lugar correspondente.

Dado que a mestra de E.I. non quere colaborar no que se refire a atención de comedor, unha vez que entregue aos nenos ou nenas que van para a casa e non comen no centro subirá a substituír á mestra ou mestre que lle corresponda a atención de comedor para que este baixe quedando ela na aula atendendo ao grupo que corresponda e será a encargada de supervisar a baixada ao comedor escolar dese grupo.

Tódolos alumnos e alumnas deberán vir coas mans lavadas con auga e xabón ,mexados e mexadas, para evitar a deambulación innecesaria e deberán traer as súas mochilas que as deixarán colgadas no respaldo da súa cadeira no comedor ou ao seu carón sen tocalas ata o momento de saír.

Este ano tomouse a medida de que non lavarán os dentes no centro para evitar aglomeracións nos aseos dado que temos pouco número de lavabos e non temos persoal de limpeza permanente no centro.

No tocante aos meses de outubro a maio, dado a que hai máis tempo, os

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

usuarios e usuarias de comedor, deixarán as súas mochilas gardando a distancia no lugar habilitado para cada grupo burbulla no pavillón, lugar onde deberán colocarse para esperar a coidadora do transporte escolar.

O alumnado de primaria non transportado nin usuario de comedor será entregado ás **14:10 na porta**.

O alumnado de primaria de comedor escolar usuario de comedor, baixará nos meses de setembro e xuño ás **13:55 h** e nos meses de outubro a maio ás 14:10 horas, ao comedor escolar xunto cos titores que vixiará que non se mesturen os grupos burbulla e estean sentados no lugar correspondente.

En caso de que ao titor ou especialista lle corresponda a vixianza do comedor, este grupo baixará coa mestra de E.I. que será a encargada de velar que se faga a baixada nas condicións adecuadas como se explicou en liñas anteriores.

A baixada farase secuenciada por cursos, de 1º a 6º, nese orde. Tocarase ao timbre cando baixe un grupo para sinalizar que baixe o seguinte.

Deberán vir coas mans lavadas con auga e xabón ,mexados e mexadas, para evitar a deambulación innecesaria e deberán traer as súas mochilas que as deixarán no respaldo das súas cadeiras de comedor ou ao seu carón sen tocalas ata o momento da saída.

Á hora de saír, indicarase a orde do grupo a saír dende o propio comedor ata o acompañante de transporte, pois neste mes sairase directamente do comedor ao transporte.

De outubro a maio a saída farase dende o pavillón por haber máis tempo para a colocación das ringleiras.

Este ano tomouse a medida de que non lavarán os dentes no centro para evitar aglomeracións nos aseos dado que temos pouco número de lavabos e non temos persoal de limpeza permanente no centro.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

6.2.4. ORGANIZACIÓN DO TEMPO DE LECER

Este curso non se establecerán gardas de lecer, senón que cada profesor estará co seu grupo de referencia, podendo ter un pequeno momento para o café cando estean cubertos polos especialistas.

Deixarase o patio dianteiro para os alumnos de infantil, 1º e 2º, distribuídos en catro cuadrantes.

O pavillón será para os nenos e nenas de 3º a 6º dividido por seccións e evitar así a mestura dos nenos e nenas.

Será preferible merendar nas aulas, e descontar ese tempo do tempo de lecer, evitando deste xeito estar moito tempo con risco de mestura de nenos e nenas de distinto grupo.

6.5 ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Corresponde á dirección xunto coa axuda de tódolos mestres e mestras xestionar, planificar , organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire, dado que non temos no centro a figura de conserxe nin de limpadora permanente no centro.

O Equipo Covid será a referencia da comunidade educativa en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid.

Espazo de illamento. Estará situado na planta baixa do centro, no corredor dereito a primeira aula á dereita, Estará dotado de material de protección individual, luvas e máscaras. Tamén de panos desbotables, dispensador de xel e papeleira de pedal.

- **Medidas xerais de protección individual** serán as recollidas no protocolo de adaptación á situación Covid.
- **Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión** do material de protección recollidas no protocolo COVID.
- **Xestión de abrochos**: recollidas no protocolo COVID.
- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a Cartelería recollida no Plan de Adaptación Covid 19 .
- Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

preciso realizar unha ventilación de 15 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.

- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte dos mestres e mestres ao rematar a xornada.
- Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.
- Farase como mínimo ventilación dos locais ao comezo da xornada, en cada cambio de clase , durante o recreo e á saída.
- Esta ventilación consistirá en ter abertas as fiestras e portas para que circule o aire, agás na sala COVID que nunca se abrirá a porta que da ao centro senón que a ventilación so se fará abrindo a porta que da directamente ao patio, para evitar posible entrada do virus no centro.

7. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU DE SER O CASO NON PRESENCIAL.

A competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Nas circunstancias actuais e como consecuencia da pandemia do Covid 19 é imprescindible certo dominio das TICS.

A adquisición desta competencia realizarase de maneira transversal e teranse en conta os seguintes aspectos:

- **A información**: buscar e seleccionar datos, recoñecer fontes fiables, contrastar a información, destacar a que é relevante...
- **A comunicación**: interaccionar mediante as novas tecnoloxías e compartir a información.
- **A seguridade**: coñecer os perigos e ameazas da rede e manexar diferentes medidas de seguridade.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

Tratarase como obxectivo xeral empregar as TIC como vía de comunicación e recurso para adquirir aprendizaxes significativas. Para o desenvolvemento da competencia dixital realizaranse as seguintes accións concretas:

- Uso da aula virtual. Darase de alta ao alumnado na aula virtual.
- Emprego da Wb do centro se fose necesario ao igual que se fixo o curso pasado mentres non dominen a aula virtual.
- Emprego a aula virtual creada en Agueiro para os nenos e nenas máis pequenas do centro, xa que é máis intuitiva que a Aula virtual da nosa Wb.
- Charla informativa sobre a seguridade e perigos de internet.
- Elaboración de traballos a través de medios dixitais.
- Uso de plataformas dixitais, tanto as ofertadas pola Consellería como outras que podan usar as mestras ou mestres.
- Emprego da pantalla dixital,...

Será fundamental o traballo da mestra coordinadora en Tics que tratará de formar tanto aos mestres e mestras que o precisen como ao propio alumnado no uso das Tics.

Tratarase de habilitar unha hora á semana para este traballo.

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias.

A directora, xunto coa coordinadora Tics serán as responsables do mantemento da aula virtual.

En caso de ensino semipresencial ou non presencial cada titor informará á directora do centro daqueles alumnos/as con dificultades de conexión ou falla de equipamento para tratar de dar resposta ao problema.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

8. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.

A situación da pandemia do Covid-19 e o confinamento alterou en gran medida a vida diaria da comunidade educativa.

Interrompeuse a vida cotiá dos alumnos e alumnas ao ter que deixar de asistir ao colexio, o contacto físico con familiares e amigos e posiblemente escoitaron ou viron pola televisión noticias referentes á enfermidade.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras.

Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

Tratarase de dar resposta ás diferentes situacións emocionais dos nosos alumnos/as e das dúas familias a través das seguintes actuacións:

- Atenderase e acollerase ao alumnado coidando moito a súa situación emocional.
- Realizaranse actividades dinámicas de grupo que axuden á xestión emocional dos nenos e nenas.
- Empregaranse diferentes metodoloxías, mais participativas e baseadas principalmente no diálogo e na comunicación, onde os alumnos e alumnas podan compartir os seus sentimentos e emocións vividas.

"Ceip de Riotorto."
As Rodrigas s/nº27744 Riotorto
Tel:982870712Fax:982870714
ceip.riotorto@edu.xunta.es

- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base á adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.
- O Departamento de Orientación atenderá de forma máis individualizada a aqueles nenos e nenas que presenten unhas necesidades máis específicas.